



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Delegación de Santiago
Avda. Nova Santos s/n (Estadio da Universidade)
15706 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981192331 / 619847195/ FAX: 981191559
Correo electrónico: FGAsantiago@gmail.com



I CROSS DE COMPOSTELA

CONCELLO DE SANTIAGO

CAMPIONATO GALEGO JUNIOR, PROMESA E ABSOLUTO DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

O Excmo. Concello de Santiago de Compostela a través do seu Departamento de Deportes organiza, xunto coa Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago), o **DOMINGO 29 DE XANEIRO DE 2012** no circuito compostelán do Monte do Gozo o **I CROSS DE COMPOSTELA** que será a súa vez **CAMPIONATO GALEGO JUNIOR, PROMESA E ABSOLUTO DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS,** baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices e segundo o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar todos os atletas das seguintes categorías (homes e mulleres):

- **Benxamín** atletas nados nos anos 2004 e 2003
- **Alevín** atletas nados nos anos 2002 e 2001
- **Infantil** atletas nados nos anos 2000 e 1999
- **Cadete** atletas nados nos anos 1998 e 1997
- **Xuvenil** atletas nados nos anos 1996 e 1995
- **Junior** atletas nados nos anos 1994 e 1993
- **Promesa** atletas nados nos anos 1992, 1991 e 1990.
- **Senior** atletas nados en 1989 e anteriores
- **Veteranos** serán da categoría SENIOR a todos os efectos

2. Poderán participar todos os atletas das citadas categorías que posúan licenza federativa no **I Cross de Compostela**¹, máis só puntuarán no Campionato Galego de Campo a Través os que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/2012) por algún clube pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola FGA, aíndab que pertenzan a clubes doutras Comunidades Autónomas.

¹ Nas categorías escolares (de benxamíns a xuvenil) a participación estará aberta a tódolos centros, clubes, asociacións... e atletas individuais que estén en posesión do seguro escolar ou de licenza federativa.

- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas condicións anteriores.

**Segundo acordo de Asemblea, os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España, non poderán optar aos podiums dos Campionatos Galegos.*

3. Para o **CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS** realizaranse as seguintes clasificacións, tanto en homes como en mulleres:

INDIVIDUAL	EQUIPOS
- Absoluta (1992 e anteriores)	- Senior (1989 e anteriores)
- Promesa (1990, 1991 e 1992)	- Promesa (1990, 1991 e 1992)
- Junior (1993 e 1994)	- Junior (1993 e 1994)

Para o **CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES** realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías, e unha clasificación absoluta a nivel individual. Para poder puntuar por equipos, cada clube deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo, agás nas categorías junior e promesa feminino, que será de 3. Cada clube terá dereiro a formar un só equipo por cada categoría e sexo. E da mesma maneira, existirá un título honorífico ao clube que obteña a mellor puntuación sumando os puntos acadados nas diferentes categorías: senior, promesa e junior, de ambos sexos.

4. A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. *Confecionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos atletas que non formen equipo no momento da SAÍDA.*
2. *Se un equipo queda incompleto ao final da carreira, os clasificados serán incluídos na clasificación individual, pero isto non servirá para reaxustar as posicións dos demais membros dos equipos completos. Os equipos incompletos non serán incluídos na clasificación de clubes.*
3. *Esta lista só estará formada polos atletas dos clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.*
4. *A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.*
5. *Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, agás na categoría junior e promesa feminina que será de 3 atletas.*
6. *Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.*
7. *Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo 4º (terceiro en junior e promesa mulleres), teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.*
8. *Os atletas promesas en ningún caso puntuarán para a clasificación por equipos senior.*

5. DISTANCIAS APROXIMADAS E HORARIOS

I CROSS DE COMPOSTELA / CAMPIONATO GALEGO CAMPO A TRAVÉS			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
09:45	Cadete – Xuvenil	Mulleres	2420 m (2P)
10:05	Cadete – Xuvenil	Homes	3520 m (1M+1G)
10:30	Infantil	Mulleres	1670 m (1M)
10:40	Infantil	Homes	2420 m (2P)
10:55	Benxamín - Alevín	Mixto (H-M)	1420 m (1P)
11:10	Junior	Mulleres	5120 m (1P+2G)
11:40	Junior	Homes	6970 m (1P+3G)
12:15	Senior-Promesa (*)	Mulleres	6970 m (1P+3G)
13:00	Senior-Promesa (*)	Homes	10920 m (1M+5G)
14:00	Entrega de PREMIOS CAMPIONATO GALEGO CAMPO A TRAVÉS		

(*) Os/As atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipos a todos os efectos.

6. As inscricións das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil remitiranse ó correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com como máximo ata o **xoves 26 de xaneiro de 2012 ás 14 horas**. Deberán reflexar os seguintes datos: ***nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licencia federativa ou seguro escolar (se procede)***.
7. As inscricións do Campionato Galego de Campo a Través realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org antes do **martes día 24 de xaneiro ás 20:00 horas**.
8. Para o Campionato Galego de Campo a Través, os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar os seus dorsais ata 45 minutos antes da saída de cada proba na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.
9. A orde de colocación dos equipos respectivos na saída realizarase por sorteo.

10. Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba.

11. PREMIOS E TROFEOS

No Campionato Galego de Campo a Través, entregaranse medallas ós tres primeiros/as atletas clasificados a nivel individual, así como trofeos ós 3 primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías establecidas.

Tamén recibirán trofeo os 3 primeiros clasificados individuais das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

12. Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumplimento desta norma será motivo de descalificación.

13. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

14. PLANO DAS PROBAS e SERVIZOS (a continuación).

I Cross de Compostela


Campionato Galego de Campo a través

Santiago de Compostela

Circuito Monte do Gozo

29 xaneiro 2012

©jorgebianco2012



Percorrido por distancia

1.420 m aprox.	cS + 1P + cM
1.670 m aprox.	cS + 1M + cM
2.420 m aprox.	cS + 2P + cM
3.520 m aprox.	cS + 1M + 1G + cM
5.120 m aprox.	cS + 1P + 2G + cM
6.970 m aprox.	cS + 1P + 3G + cM
10.920 m aprox.	cS + 1M + 5G + cM

Medida de cada volta

	cS Cola de SAÍDA	SA	230 m aprox.
	cM Cola de META	AM	190 m aprox.
	G Volta GRANDE	ABCDEFGGA	1.850 m aprox.
	M Volta MEDIANA	ABDEFGA	1.250 m aprox.
	P Volta PEQUENA	ABDEGA	1.000 m aprox.

HORARIO e DISTANCIA

09:45	Cadete-Xuvenil	Mulleres	2.420 m	10:55	Benxamín-Alevín	Mixta	1.420 m
10:05	Cadete-Xuvenil	Homes	3.520 m	11:10	Junior	Mulleres	5.120 m
10:30	Infantil	Mulleres	1.670 m	11:40	Junior	Homes	6.970 m
10:40	Infantil	Homes	2.420 m	12:15	Senior-Promesa	Mulleres	6.970 m
				13:00	Senior-Promesa	Homes	10.920 m

I Cross de Compostela

Campionato Galego de Campo a través

- Secretaría 1
- Cámara de Chamadas 2
- Saída carreiras 3
- Meta carreiras 4
- Servizos médicos 5
- Podio 6
- Zona de quencemento 7
- Vestiaros 8
- Acceso principal de vehículos 9
- Acceso alternativo de vehículos 10
- Aparcadoiro atletas e espectadores 11
- Aparcadoiro da Organización 12
- Acceso peonil 13

